

CONCELLO PLENO

ACTA DE SESIÓN

ORGANO: CONCELLO PLENO

ACTA NUMERO: 2013/05

CARACTER: ORDINARIA

CONVOCATORIA: Primeira.

DATA: 21 de maio de 2013.

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Ribadeo sendo as vinte horas e dez minutos do día **21 de maio de 2013** reuniúse o Pleno do Concello en sesión convocada ao efecto con carácter ORDINARIO baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. Fernando Suárez Barcia e coa asistencia das persoas que á marxe se indican:

Presidente:

D.Fernando Suárez Barcia (Alcalde-BNG)

Concelleiros presentes na sesión:

Polo Grupo do B.N.G.

D. Vicente Castro Reigosa Reigosa
Dona Mari Luz Alvarez Lastra
D^a Ana María Martínez Fernández.
D. Horacio Cupeiro Rodríguez
D^a Maria Teresa González Piñeiroa.

Polo Grupo do P.P.

D.Manuel Valín Valdés.
D^a Azucena González Loredó.
D^a Maria del Campo López-Braña Freije
D.José Manuel Yañez Dablanca

Polo Grupo de U.P.R.I.

D.Agustín Reymondez Gancedo.

Polo Grupo do PSG-PSOE

D.Eduardo Gutiérrez Fernández.

Concelleiros ausentes na sesión:

D.Xabier Campos López.
(disculpa a ausencia)

Secretario:

D. José Antonio Carro Asorey

Interventor:

D. Luis R.Vázquez Parga

Tco.Admón. Xeral:

D.José Rodil Veiga

Comprobado que se dá o quórum legalmente esixido para a válida celebración das sesións do Pleno do Concello, nos termos esixidos no artigo 113.1 c) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D.2568/1986, de 28 de novembro, a Presidencia declara aberta esta e pásase ao tratamento dos asuntos comprendidos na Orde do día:

2013.01.15 APROBACIÓN SE PROCEDE DA ACTAS DAS SESIÓNS PLENARIAS ANTERIORES DE DATAS 5 E 19 DE MARZO DE 2013.

A totalidade dos membros da Corporación recibiu nos seus domicilios fotocopia do borrador das actas correspondentes ás sesións epigrafiadas nos termos esixidos no artigo 80.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais.

A Corporación, por unanimidade dos seus membros, en votación ordinaria acorda prestarlle a súa aprobación sen modificación, adición ou enmenda algunha.

2013.02.16.-EXPEDIENTE PARA REINTEGRO DAS INDEMNIZACIÓNS POR DANOS E PERDAS CON MOTIVO DA RESCISIÓ DO CONTRATO DE OBRAS DE REFORMA DO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO MUNICIPAL.

Dase conta por Secretaría do ditame da Comisión que se transcribe:

“Obra no expediente a proposta da Alcaldía que se transcribe:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA.-

Visto acordo municipal de 5 de marzo de 2013 en relación co expediente para Reforma e ampliación do Pavillón Polideportivo de Ribadeo, no que se acordou:

1º. Resolver o contrato administrativo de referencia motivado polo incumprimento do prazo de execución todo elo ao amparo do disposto no artigo 195 e concordantes da Lei 30/2007, de 30 de outubro de contratos do Sector Público e artigos 109 e 110 do RGLCAP 1098/2001, de 12 de outubro polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de contratos das AA.PP.

2º. Iniciar o trámite de liquidación do contrato, para o que se citarán á empresa adxudicataria e avalistas e que se realizará de conformidade co disposto no artigo 222.da lei 30/2007,de Contratos do Sector Público, no prazo de 10 días.

3º.- Iniciar expediente de danos e perdas derivados da resolución do contrato así como a incautación das garantías constituídas para este contrato por importes de

98.857,21 € como garantía definitiva e 69.990,90 € como garantías complementarias, de conformidade co artigo 208.3 da Lei 30/2007. De 30 de outubro de contratos do Sector Público.”

Visto informe de liquidación de obras do referido proxecto emitido con data 26 de marzo de 2013 pola dirección facultativa.

Visto o informe sobre danos e perdas ocasionados pola parálise e demora das obras do Proxecto de Reforma e Ampliación Polideportivo de Ribadeo, de data 7 de maio de 2013 presentado tamén pola dirección facultativa.

Esta Alcaldía,

Propón ao Pleno municipal, que previo ditame da Comisión informativa correspondente se adopten os seguintes acordos:

1º.- Prestar aprobación á liquidación do contrato de referencia formulada pola dirección facultativa, cun resultado favorable a este Concello de 74.912,98 euros.

2º. Fixar os danos e perdas causados pola resolución do contrato de referencia na contía de 1.366.306,16 euros, segundo informe da dirección facultativa indicado anteriormente.

3º. Consecuencia do anterior proceder á incautación das fianzas por importes de 98.857,21 € e 69.990,90 € presentadas como garantías de conformidade co artigo 208.3 da Lei 30/2007 de 30 de outubro de contratos do Sector Público, requirindo ás entidades avalistas, La Caixa e BBVA para que ingresen os importes dos seguintes avales:

9340.03.1170948.45 de data 05.05.2011 de La Caixa, por importe de 49.428,60 €.

9340.03.1170992.22 de data 05.05.2011 de La Caixa, por importe de 34.995,45 €.

0182000714941, de data 04.05.2011, de BBVA, por importe de 49.428,61 €.

0182000714948, de data 04.05.2011, de BBVA, por importe de 34.995,45 €.

nas contas bancarias a nome do Concello números 2100 4949 61 2200007324 de La Caixa e 0182 0711 64 0200001071 de BBVA.

4º. Iniciar os trámites procedentes para o reintegro, por parte da empresa concesionaria do contrato de referencia, do importe que excede das fianzas indicadas respecto da liquidación de danos e perdas indicada, para o que se seguirá o procedemento de recadación en vía de constrinximento.

5º. Outorgar audiencia por prazo de dez días á empresa adxudicataria así como ás entidades avalistas La Caixa e BBVA.

6º Facultar á Alcaldía-Presidencia para a adopción de cantos actos, trámites ou xestións sexan precisos para o bo fin dos acordos adoptados.”

Por Secretaría se explica aos membros da Corporación que se trata de dar audiencia á empresa e avalistas sobre a liquidación practicada polos facultativos e para a esixencia dos danos e perdas causados ao Concello en execución e como continuación dos anteriores acordos sobre este asunto.

De seguido, por cinco votos a favor (dos membros do Grupo Municipal do BNG e do membro do PSG-PSOE do Grupo mixto) e dúas abstencións (dos membros do Grupo Popular) a Comisión Informativa acorda ditaminar favorablemente a proposta da Alcaldía nos termos da mesma para adopción dos acordos correspondentes polo Pleno Municipal.”

Comeza a quenda de intervencións o Sr. Gutiérrez Fernández, concelleiro do PSdG-PSOE no Grupo Mixto, que comenta que, no trámite inicial, xa votou a favor e trátase dun paso máis do camiño que se deseñou na primeira data e ao que seguirán outros, en consecuencia coa análise feita inicialmente e a decisión adoptada. Informa que o seu grupo mantén o seu voto favorable.

Continúa intervindo o Sr. Reymóndez Gancedo, concelleiro de UPRI no Grupo Mixto, que informa que votarán a favor, aínda que as cantidades non sabe se son ou non reais, porque suman 1.300.000€. Gustaríalle que Intervención explicase cómo se vai contabilizar. Chámalle a atención que nun pleno anterior díxoselle que os proxectos de urxencia non ían ter custes, pero aparecen custes de aproximadamente 30.000€, polo que quere que se lle explique.

Continúa a quenda de intervencións a Sra. González Loreda, concelleira do grupo municipal do PP, que anuncia que manterán a mesma postura do principio e xa fixeron matizacións no seu momento, pero é un trámite máis do procedemento e entende que tiña que ser así, polo que, mantendo a coherencia, votarán a favor.

O Sr. Alcalde indica que este punto ten como continuación un acordo iniciado fai dous ou tres meses onde a dirección facultativa da obra estima cales son as cantidades que a UTE se comprometeu a facer e non fixo, polo que o concello é acredor de toda esa cifra. Fala dos danos que se produciron no pavillón porque se parou a obra e entrou humidade, houbo que descontalo, polo que se incrementou a cifra final e agora o que se fai é incautar as garantías e fianzas que están constituídas segundo as porcentaxes que a lei de Contratación das Administracións Públicas estableceu inicialmente, polo tanto co acordo plenario do día de hoxe, xunto cos informes técnicos da dirección facultativa, cre que se van incautar 170.000€ e o resto terán que requirirlos á UTE polas vías que a lexislación contempla. Entende que será a vía executiva e, se esas empresas acaban desaparecendo, o concello será vítima dunha parte desa cantidade que nunca lle poida chegar a reclamar, pero o concello está actuando como calquera civil nun

procedemento concursal. Refírese aos contratos de emerxencia de 30.000€, indica que é un sumatorio do custo do que o concello tivo que licitar con urxencia para evitar os males maiores das unidades. É dicir que son dous contratos; un de cristalería e outro de carpintería de exteriores, pero iso non é o custo de redacción do proxecto, senón o custo dos cristais que se detrae da cifra do capital que queda pendente de licitar. Informa que neses días a licitación está en marcha e está aberto o prazo para que as empresas presenten ofertas ata o vindeiro venres. Por magnitude económica non era un asunto de pleno, senón de alcaldía, pero quixeron que na mesa de contratación estiveran todos os grupos presentes.

A Corporación, por unanimidade dos doce membros presentes dos trece que de dereito componen a mesma, en votación ordinaria acorda prestar aprobación ao ditame de referencia.

2013.03.17.-INFORME SOBRE SOLICITUDE DE CONCESIÓN DE OCUPACIÓN DE BENS DE DOMINIO PÚBLICO PARA OBRAS DA EDAR DE RIBADEO, A INSTANCIAS DA DIRECCIÓN XERAL DE SOSTEBILIDADE DA COSTA E DO MAR.

Dase conta por Secretaría do ditame da Comisión que se transcribe:

“Obra no expediente a solicitude da Dirección Xeral de Sostabilidade da Costa e do Mar requirindo informe deste Concello coa aceptación das condicións da Resolución de 24/10/2012 que tamén consta incorporada.

O Sr. Alcalde explica que se trata de levar ao Pleno a aceptación expresa das condicións e prescricións contidas na resolución de data 24 de outubro de 2012 sobre a ocupación dunha superficie de 822 m². Aproximadamente con destino a emisario da EDAR no termo municipal de Ribadeo, e que xa foran remitidas pola Alcaldía en base ao informe favorable da Oficina Técnica que consta no expediente.

A Comisión Informativa, sen promover deliberación acorda, por unanimidade dos seus membros en votación ordinaria, ditaminar favorablemente a aceptación das condicións de referencia para adopción do correspondente acordo polo Pleno municipal.”

O Sr. Alcalde explica que se trata do último prace municipal para que a Xunta, a través da empresa pública de Augas e Servizos Hidráulicos, licite as obras de construción do novo emisario que require a depuradora de augas residuais. Despois dun longo trámite entre Costas de Estado e Costas da Xunta finalmente hai luz verde e agora, na época estival, espérase que se proceda a executar esa obra.

A Sra. González Loredó, concelleira do grupo municipal do PP, considera que o que se está aprobando no pleno é algo que se pediu fai moito tempo e non é culpa nin da Xunta nin do Estado que non estea licitado este tema.

O Sr. Alcalde matiza que non se trata de botar as culpas a ninguén, pero levan dous anos de tramitación e o Ministerio de Medio Ambiente non validaba a documentación que a empresa pública de Obras e Servizos Hidráulicos da Xunta de Galicia lle mandaba a través do concello de Ribadeo, xa que é un triángulo onde o concello recibe e entrega por varias problemáticas por parte do Ministerio de Medio Ambiente, que non aceptaba as solucións técnicas que propoñía a empresa Obras e Servizos Hidráulicos e que finalmente acabou autorizando. Despois de autorizalo, dende o concello de Ribadeo remitiuse o acordo para dar luz verde a iso e, 15 días despois, dende o Estado contestaron que non era o alcalde senón o pleno o que debía remitilo, polo que volveu a pleno. Comenta que o feito de que levan dous anos sen emisario non é unha cuestión do concello de Ribadeo, e os servizos xurídicos consideran moi discutible que teña que ir a pleno a autorización, pero non queren dilatar máis o proceso. Quere dicir, en beneficio de todos, que aínda que a día de hoxe, a depuradora de augas residuais de Vilaselán depura todo o ámbito urbano de Ribadeo e os parámetros de vertido son infinitamente mellores do que eran co pretratamento existente vello, o que non quere dicir que estea vertendo mal, simplemente que se vai facer un emisario como consta no proxecto, xa que a auga vertida, en vez de verterse no rego de Vilaselán, vai enterrado un quilómetro no mar. Informa que a diferenza radica en que, se algún día avariara a depuradora, vertería os residuos ao río de Vilaselán, e se iso pasa sen o emisario verterá os residuos sen depurar a un quilómetro da costa.

A Sra. González Loredó puntualiza que parece que a Xunta e o Goberno do Estado teñen a culpa de que non haxa depuradora, pero que está aí e que hai un emisario que non é o que ten que ser.

O Sr. Alcalde considera que, neste caso, todos puxeron o mellor de cada un, xa que o concello expropiou os terreos, a Xunta construíu a depuradora etc.

A Corporación, por unanimidade dos doce membros presentes dos trece que de dereito componen a mesma, en votación ordinaria, acorda prestar aprobación ao ditame de referencia.

2013.04.18.-ORDENANZA REGULADORA DO USO DO APROVEITAMENTO ESPECIAL DE VÍAS PÚBLICAS E ESPAZOS DE TITULARIDADE MUNICIPAL.

O Secretario municipal da lectura ao ditame da Comisión que se transcribe:

“Dase conta da Proposta da Alcaldía que se transcribe:

“ Pola Alcaldía – Presidencia á vista dos investimentos que durante os últimos anos se viñeron realizando no municipio para rehabilitar pistas e acondicionar camiños de titularidade municipal e tendo en conta o continuo uso que destas se está a realizar co conseguinte deterioro de non mediar un axeitado control por parte municipal estímase procedente a aprobación dunha regulación do uso destes espazos e vías públicas.

Por isto, esta Alcaldía,

PROPON AO PLENO MUNICIPAL

Que previos os trámites regulamentarios e proceda á aprobación da Ordenanza reguladora do uso e aproveitamento especial de vías públicas e espazos de titularidade municipal que se anexa.”

Obra tamén no expediente a Ordenanza de referencia, explicando o Sr.Alcalde que se trata dunha Ordenanza que foi consensuada no seo da Mancomunidade da Mariña Lucense para aprobar e desenvolver en todos os municipios.

A Comisión Informativa, por catro votos a favor (dos membros do Grupo do BNG) e tres abstencións (dúas dos membros do Grupo Popular e outra do Sr.Reymondez Gancedo de UPRI no Grupo Misto), en votación ordinaria, acorda ditaminar favorablemente a proposta da Alcaldía nos termos da mesma, para a adopción polo Pleno Municipal do correspondente acordo.”

O Sr. Alcalde explica que se trata dunha ordenanza, o título da cal deu lugar a unha confusión mediática neses días, xa que se falaba das terrazas dos bares pero non é así, senón que trata da saca de madeira dos montes por camiños ou vías de titularidade municipal. Informa que esta ordenanza é unha transposición da ordenanza que acordaron tódolos concellos de A Mariña, fai poucos días, despois de varias xuntanzas de traballo da Mancomunidade de Concellos de A Mariña, polo tanto tiveron representantes de tódalas formacións políticas e entre todos buscaron unha solución a un problema que, independentemente da cor política, afectaba a todos os concellos por igual.

Dí que é o dereito dos propietarios dos montes de sacar a madeira polos camiños e o dereito dos concellos de ter nun estado axeitado os camiños públicos, é dicir, que moitas veces os concellos non se benefician directamente de nada da corta de madeira pero acaban estragándose os camiños, polo tanto, como a problemática era conxunta, decidiron poñerse de acordo e esa proposta de ordenanza vai ser presentada no resto de concellos de A Mariña.

Indica o Sr.Alcalde que cada concello o aprobará individualmente e estará a exposición pública , xa que pode haber alegacións. Informa que non persigue o cobro dunha taxa por metro cúbico de madeira, senón que persigue que os madeiristas depositen unha garantía razoable pola cantidade de madeira e que teñan que declarar previamente á corta e o itinerario, e que teñan que dispoñer da autorización municipal, non só a autorización autonómica, porque despois os camiños quedan estragados. Incide en que a ordenanza non pretende que o concello recade nada, senón que persegue que se deposite unha garantía antes da corta, e que o técnico municipal vaia ver o itinerario polo que van circular eses camiños para que, unha vez feita a corta, co requirimento da fianza, o técnico municipal volva revisar se os camiños están ben e para devolver a fianza. Do

contrario, se non está ben procederose á incautación do que sexa necesario para suplementar esa garantía no caso de que non chegara a alcanzar. Informa que se fixo con certo consenso, xa que o Concello de Ribadeo fixo algunhas achegas en base á experiencia, que foron recollidas, e parécelles que é infinitamente mellor do que tiñan porque o que había era un compromiso asinado coas Asociacións de Madeiristas da provincia de Lugo e de Asturias, polo que o que había era papel mollado porque se comprometían a responsabilizarse, pero os primeiros que incumprían eran os que asinaron a declaración. Indica que se hai alegacións terá que ir a pleno, para que este resolva.

Comeza a quenda de intervencións o Sr. Gutiérrez Fernández, concelleiro do PSDG-PSOE no Grupo Mixto, que anuncia que vai votar a favor desta ordenanza porque ten a virtualidade de que, sendo a mesma para toda a comarca, é moito mellor, xa que evita posibles reclamacións por agravios comparativos.

Continúa intervindo o Sr. Reymóndez Gancedo, concelleiro de UPRI no Grupo Mixto, que anuncia que tamén votará a favor da ordenanza. Dí que lle chama a atención o capítulo de sancións, onde di que as infraccións moi graves serán sancionadas con multas de ata 10 millóns de euros, as graves con unha multa de ata 1 millón de euros, e as leves con multas de ata 100.000€. Dubida que o fin non sexa recadatorio. Non ve equidade con alguén que rouba ou estafa 10 millóns de euros e sae “de rositas” e despois, por utilizar a vía pública, as multas ascenden a 10 millóns de euros.

Intervén o Secretario Xera que explica que esta ordenanza naceu da Lei de Patrimonio das Administracións Públicas e recolle as infraccións e as sancións. Informa que o réxime xeral recolle a utilización, aproveitamento e defensa dos bens de dominio público e patrimoniais. Neste caso o redactor da ordenanza foi un compañeiro de todos, que colleu esa parte da lei que transcribiu literalmente.

O Sr. Reymóndez Gancedo dí que está de acordo coa Lei pero cre que habería que definir o tipo de sancións, xa que lle parece ben que alguén que ocupa unha vía pública e a desfai teña unha sanción, pero non de 10 millóns de euros. Considera que se se definise podería haber sancións lóxicas e equitativas.

O Sr. Alcalde matiza que as sancións están tipificadas e, por non pedir permiso, ningunha Administración vai poñer unha sanción de 10 millóns de euros. Entende que son para cuestións extremas e reiterativas que neste procedemento non van ter lugar nunca.

Continúa intervindo a Sra. González Loreda, concelleira do grupo municipal do PP, que indica que non vai aportar nada novo pero quere dicir que é algo que se acordou entre todos os concellos de A Mariña e entre todos os partidos políticos, algo que vai ser igual en todos os concellos. Felicítaos a todos polo consenso, a pesar de que houbo certas discrepancias e cónstalle que había unha idea de poñer un máximo de fianza e a ela parécelle procedente, pero recolle as sensibilidades de todos os concellos e as diferenzas que poida haber.

Entende que establece un criterio do contorno de todos os partidos políticos e ideoloxías, polo que anuncia que o seu grupo vai apoiar esta ordenanza.

O Sr. Alcalde cre que todos os gobernos que pasaron tiveron o mesmo tipo de problemas e pode haber veciños que reprochen que non arranxen o camiño e despois que non deixe sacar a madeira. Considera que é lexítimo pero hai que regulalo.

A Corporación, por unanimidade dos seus membros presentes, en votación ordinaria, acorda prestar aprobación ao ditame de referencia e en consecuencia:

1º. Aprobar inicialmente a Ordenanza reguladora do uso e aproveitamento especial de vías públicas e espazos de titularidade municipal.

2º. A tramitación subseguinte efectuándose a exposición pública da mesma para alegacións e suxerencias.

2013.05.19.-- CONTROL DOS ÓRGANOS DA CORPORACIÓN (ART. 46.2 DA LEI 7/1985, DE 2 DE ABRIL, REGULADORA DAS BASES DE RÉXIME LOCAL). DACIÓN DE CONTA DE DECRETOS DA ALCALDÍA. MOCIÓN. ROGOS E PREGUNTAS

MOCIONS:

1.-DO PSG-PSOE, DE DATA 18 DE ABRIL DE 2013,SOBRE O MANTEMENTO DAS OFICINAS TRIBUTARIAS DE FOZ E MONFORTE.

2.- DO BNG, DE URXENCIA, DE DATA 14/05/2013 PARA A CREACIÓN DUNHA ÁREA SANITARIA DE XESTIÓN INTEGRADA DA MARIÑA.

3.- DO BNG, DE DATA 14 DE MAIO DE 2013, SOBRE DIFERENTES ACCIÓN E ACORDOS EN RELACIÓN COS AFECTADOS POLAS PARTICIPACIONES PREFERENTES E SUBORDINADAS.

DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DITADOS POLA ALCALDÍA-PRESIDENCIA ENTRE O 1 DE MARZO EO 30 DE ABRIL DE 2013.

Comeza a quenda de intervencións o Sr. Reymóndez Gancedo, concelleiro de UPRI no Grupo Mixto, que se refire ao decreto número 63, sobre Servizos fúnebres de Benigno Barcia Vizoso. Pregunta se houbo que pagar un enterramento dunha persoa que non tiña medios.

O Sr. Alcalde asinte.

O Sr. Reymóndez Gancedo refírese ao decreto número 67, sobre Estudio Patolóxico Vivendas Profesores por importe 2.421 €, quere saber de que se trata.

O Sr. Alcalde explica que se ordenou facer un estudio da situación estrutural das vivendas dos profesores, porque non están nunha situación aparentemente boa.

O Sr. Reymóndez Gancedo refírese ao decreto número 273, sobre Mantemento de Legionella. Pregunta cantas veces se fai este mantemento.

O Sr. Alcalde contesta que o mantemento se realiza periodicamente e responde a unha pauta marcada pola lei, pero non sabe cada canto.

Igualmente o mesmo Concelleiro pregunta se considera que no piso tutelado non é preciso facelo todos os meses. Non sabe se é un erro pero hai unha factura de xaneiro e outra de febreiro.

O Sr. Alcalde informa que houbo unha auditoría anterior que ditou que, por normativa, non sabe se estatal ou galega, había que facer os mantementos de prevención de Legionella.

O Sr. Reymóndez Gancedo tamén cre que pode ser que as facturas foran a destempo. Fala agora do decreto número 287, sobre Desratización en xaneiro do 2013. Pregunta onde foi.

O Sr. Alcalde indica que veñen periodicamente e fan un listado dos sitios onde, de maneira habitual, realizan este mantemento e, excepcionalmente, por onde se lles indica segundo advertencias de veciños.

O Sr. Reymóndez explica que se a el os cidadáns lle piden que se faga de maneira determinada sabe se se fixo ou non.

O Sr. Alcalde indica que na factura, á que pode ter acceso, están detallados os lugares habituais onde hai roedores de maneira grave, moderada ou lixeira.

O Sr. Cupeiro Rodríguez, concelleiro delegado de Medio Ambiente, informa que cando calquera veciño o solicita na súa delegación él automaticamente chama a SANAL, a empresa que fai o tratamento e, ás veces, hai lugares onde non se pode poñer o veneno por razóns de que hai nenos e non é fácil. Corrobora que, para calquera caso, existe a documentación necesaria para comprobar quen o pediu.

O Sr. Reymóndez Gancedo continúa referíndose ao decreto número 315, sobre separación de carrís no viario público.

O Sr. Alcalde explica que se trata duns separadores que se compraron e que instalarán nos próximos días na rotonda do Xardín, para separar o carril que lle corresponde aos vehículos de transporte escolar do colexio e o IES Dionisio Gamallo, do carril dos turismos da estrada da Avda. de Galicia, porque á parte de ter unha recomendación da policía local, moitos vehículos por acurtar, en vez de facer a curva, invaden un carril que non corresponde e iso é perigoso porque pode dar lugar a un choque por colisión, polo que van poñer uns separadores ao longo dese tramo para que se vexa por onde teñen que circular os vehículos.

O Sr. Reymóndez Gancedo refírese agora ao decreto 404, sobre Vídeo e Fotos do Día Internacional da Muller Traballadora, por 1.645€, quere saber o que é.

A Sra. Álvarez Lastra, concelleira delegada de Igualdade, explica que se trata de actividades que se fixeron en torno ao Centro de Información á Muller co proxecto "Igalámonos".

O Sr. Reymóndez Gancedo pregunta onde está este vídeo.

A Sra. Álvarez Lastra contesta que está colgado na páxina do CIM e editado. Explica que foi o que se rodou no Cine Teatro e nos centros de ensino ao longo daqueles días.

O Sr. Reymóndez pregunta se ten algo que ver co vídeo de Loita contra o Cancro.

A Sra. Álvarez Lastra contesta que non ten nada que ver, que son entidades distintas, xa que unha é unha actividade municipal e outras son da Asociación de Loita contra o Cancro.

Intervén a continuación o Sr. Valín Valdés, concelleiro do grupo municipal do PP, que fai referencia ao decreto sobre a prospección que se fixo nas vivendas dos profesores. Indica que os veciños lle comentaron que se rozou, que houbo xente facendo comprobacións. Quere saber se é por algún motivo concreto ou se lle ocorreu ó goberno de casualidade.

O Sr. Alcalde informa que non foi por casualidade, senón que se trata dunha propiedade municipal que non se atopa en bo estado e, como dende o concello se esixe aos propietarios de inmobles que os teñan en boa situación, pois quixeron saber a situación destas vivendas e tiveron que encargarse un estudio de patoloxías.

O Sr. Valín insiste en saber se ten algo que ver con algún proxecto do goberno.

O Sr. Alcalde admite que pode ser unha das posibles situacións para unha residencia, no caso de que a Xunta de Galicia se comprometa.

O Sr. Valín cre que, do contrario, a Xunta propondrá outra alternativa. Informa que vai por partes e existe unha plataforma onde están todos os grupos e cre que non hai ningunha fisura neste tema. Están intentando por todos os medios que Ribadeo cubra unha das principais necesidades, como é dispoñer dunha residencia da terceira idade, xa que non se pode consentir que os maiores teñan que buscar outras residencias fóra do concello. Pola parte que lle toca a el, cre que por encima de calquera tema partidista están os intereses dos ribadenses, e informa que o seu grupo asistiu á manifestación e apoiou ao goberno neste tema. Di que ogallá haxa unha residencia, fágaa quen a faga, que para iso están pelexando. Refírese agora ao decreto 45, sobre o Campo de fútbol de herba artificial.

Pregunta se é normal que se teña que facer unha inversión de substitución do pavimento, tan rápido, por importe de 6.679,45€.

O Sr. Castro Reigosa, concelleiro delegado de Deportes, contesta que ese importe refírese á devolución da fianza, que tiña un período de garantía dun ano.

MOCIONS

1.-DO PSG-PSOE, DE DATA 18 DE ABRIL DE 2013, SOBRE O MANTEMENTO DAS OFICINAS TRIBUTARIAS DE FOZ E MONFORTE.

Dase conta da Moción que se transcribe:

“O Grupo Municipal Socialista, en base ao disposto nos artigos 91.4 e 97.3 do regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades locais e demais normativa que poida resultar de aplicación, presenta, diante do Pleno da Corporación esta **MOCIÓN**, en base as seguintes consideracións:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Boletín Oficial do Estado de data 16 de febreiro de 2013, publicou unha Resolución da Presidencia da Axencia Estatal da Administración Tributaria, pola que se adoptan medidas sobre a estrutura organizativa e modifícase a Resolución do 21 de setembro de 2004, pola que se establece a estrutura e a organización territorial da Axencia Estatal da Administración Tributaria.

Con esta decisión política, o actual Goberno do Estado, centralizando os referidos servizos e afastado das persoas que non viven nas capitais de provincia ou en grandes cidades, deixan desprotexidos e sen servizos as persoas que viven en cidades intermedias ou en pequenas vilas. No caso de Lugo, supón o desmantelamento das oficinas de Foz e Monforte, e a centralización dos servizos en Lugo.

Mediante esta resolución, o Goberno de Rajoy leva a cabo outro recorte chamado reforma, para unha suposta optimización de recursos, que a propia resolución di que non supón aumento de gasto nin aforro, pero o que non di, e que si supón unha redución de servizos, un trastorno para a xente e un incremento do gasto que implica os desprazamentos, entre outros custes.

Esta rebaixa de categoría de oficinas da Administración Tributaria, que a partir de agora so prestarán servizos de recollida de documentación e información, supón outro lamentable episodio dos gobernos do Partido popular, tanto da Xunta de Galicia, como do Goberno de España, creando un prexuízo enorme para os veciños e veciñas dos concellos que ata entón contaban de ditos servizos.

Sumando os recortes (reformas) en sanidade, en educación, en servizos sociais, en infraestruturas, as áreas sanitarias, e agora a Administración da Axencia Tributaria, representa a total falta de sensibilidade e de compromiso dos gobernos do PP co interior de Galicia.

Con estas decisións tratan de ir baleirando de contido estas administracións tributarias, para nun futuro acabar pechándoas, iso si, negando e dicindo que non a todo como nos teñen acostumados, facendo no goberno o contrario do que prometeron no programa electoral, enganando aos cidadáns.

Esta resolución publicada no BOE o día 16 de febreiro polo Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, non so non foi acordada, senón que nin sequera foi negociada eos axentes sociais.

Nun momento onde o Estado recada menos impostos e aumenta o déficit público, con este tipo de política o Partido Popular renuncia á loita contra a fraude fiscal, indo xustamente na dirección contraria á Unión Europea, que está reforzando o seu órgano recadador.

Finalmente, o Grupo Municipal Socialista lamentamos que moitos contribuíntes se verán obrigados a se desprazar a outros municipios, máis ou menos afastados para atender os requirimentos que a axencia lies poida realizar e que requiran a súa presenza física, co conseguinte trastorno persoal, familiar, laboral e económico.

Polo exposto, e ante a situación que propon o Governó de Rajoy, que debilita aínda máis os servizos que presta a Axencia Tributaria nos territorios da provincia de Lugo, o Grupo Municipal Socialista somete para o seu debate e aprobación ante o pleno a seguinte:

MOCIÓN

O Concello de Ribadeo insta o Goberno galego para que se dirixa ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, e solicite a modificación da resolución da Presidencia da Axencia Estatal da Administración Tributaria do 15 de febreiro de 2013, publicada no BOE de data 16 de febreiro de 2013, deixando as oficinas da Administración Tributaria de Galicia, co mesmo rango orgánico e coas mesmas funcións que tina ata o día 25 de febreiro pasado, para seguir mantendo os mesmos servizos e a mesma atención aos cidadáns que se viña prestando ata agora non concellos de Foz e Monforte.”

O Sr. Gutiérrez Fernández, concelleiro do PSdG-PSOE no Grupo Mixto, explica que, como consecuencia dunha modificación da estrutura territorial da Axencia Tributaria, vaise producir a diminución ou desmantelamento das dependencias de Monforte e de Foz. Explica que se trata dunha moción tipo que ás veces son moi criticadas pero teñen unha incidencia local, neste caso a dependencia de Foz.

Explica que o goberno insiste nesta e noutras iniciativas, xa que non é a primeira moción en contra destes recortes. Incide no aforro que vai supoñer, pero considera que para o cidadán o que se vai producir é un aumento do gasto, posto que esas oficinas quedarán reducidas nas súas funcións, o que obrigará a facer determinados trámites na oficina central de Lugo. Parécelle que nun momento coma o actual deberíase insistir máis en cuestións coma a loita contra o fraude fiscal e non na redución deste tipo de servizos. Na parte propositiva di que o concello insta ao goberno galego a que se dirixa ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas e solicite a modificación da resolución da presidencia da Axencia Estatal da Administración Tributaria do 15 de febreiro de 2013, publicada no BOE de data 16 de febreiro, deixando as oficinas da Administración Tributaria de Galicia no mesmo rango orgánico e coas mesmas funcións que tiñan ata o día 25 de febreiro pasado, para seguir mantendo os mesmos servizos e a mesma atención ao cidadán que se viña prestando nos concellos de Foz e de Monforte.

O Sr. Reymóndez Gancedo, concelleiro de UPRI no Grupo Mixto, intrervén e dí que cre que é unha moción tipo das que se acostuma a traer a estes plenos, que ás veces, o único que fan é dar un traballo que non pertence a algúns concelleiros. Considera que ten uns argumentos políticos e un encabezamento erróneo, xa que a Xunta de Galicia non ten ningunha competencia na Axencia Tributaria do Estado, aínda que despois di que insta ao concello a que se dirixa ao Ministerio.

Considera que é o mesmo que se o concello de Ribadeo insta ao Vaticano a arranxar a estrada de Vilela, xa que non ten nada que ver unha cousa coa outra. Cre que, no que ten que ver coa axencia de Foz, agora mesmo hai xente especializada en unidades provinciais con obxectivos delimitados, por exemplo en Foz hai unha unidade que se dedica a investigar co IVE de todo Galicia, polo que se un veciño de Mugardos fai un fraude vai ter unha comunicación que vai partir de Foz e vai poder solucionalo na oficina máis próxima, polo que o que se está é estruturando para facilitar as cousas.

Indica tamén o Concelleiro no uso da palabra que fai 8 anos, un cidadán de Ribadeo podía realizar trámites relacionados cunha inspección de Facenda en Foz, pero agora ten que desprazarse a Lugo. Pola contra, pon como exemplo que un veciño de Oviedo co seu DNI pode solucionar un problema en Foz, polo que os servizos da Axencia Tributaria non mingúan polo feito de que se pasen servizos a Lugo. Cita que en Foz hai 20 traballadores, 5 deles están adscritos á oficina de Foz e 15 están adscritos a Lugo, pero son especialistas en determinados temas e van seguir na Mariña.

Pide que en Foz se cree unha oficina de impostos para toda A Mariña, porque os impostos do concello de Ribadeo cóbranse en Lugo dende a Deputación Provincial e os impostos de sucesión cóbraos a Xunta de Galicia en Lugo. Propón que se aproveiten esas instalacións. Considera que esta é unha moción tipo con transfondo político, e que nestes momentos non diminúen os servizos, xa que se el ten un problema con Facenda se está en Oviedo pode solucionalo alí, pero fai 10 anos isto non sucedía.

Continúa intervindo a Sra. González Loredó, concelleira do grupo municipal do PP, que anuncia que van votar en contra desta moción polo fondo da cuestión, que é que instan a manter algo que supostamente se vai suprimir. Remítese á resolución do 15 de febreiro de 2013, que modifica unha resolución do ano 2004, onde se establece a delegación Especial de Galicia, dentro dela a de Lugo, e dentro desta a Administración de Foz. No 2013, modifícase nalgúns casos porque é unha reestruturación fundada en pasar a provinciais as que son rexionais, co cal algunhas cambian como Sevilla ou Zaragoza que pasan a ser rexionais e, no caso de Foz establécese exactamente o mesmo que no 2004, delegación especial de Galicia, dentro desta a de Lugo, e dentro desta última a de Foz. Considera que non cambia nada polo que non procede instar a manter. Resérvanse para unha segunda quenda.

O Sr. Gutiérrez Fernández explica que é unha moción política, coma todas, porque é un representante político que se dirixe a unha instancia política. Cre que non hai ningún erro no encabezamento, xa que piden a unha Administración a través doutra Administración, é unha cuestión de procedemento que ten moi pouca importancia, porque na parte resolutiva está claro o que se pretende.

En canto aos exemplos do IVE, si que se poden especializar en determinados sitios, pero o problema é que o contacto directo co público depende da distancia e se o portavoz de UPRI está en Oviedo e recibe un aviso si que pode solucionalo alí, pero o problema non é que estea en Oviedo, senón que estea en Remourelle, xa que non ten nada que ver a especialidade coa residencia. Pregunta para que se fai o decreto se, en teoría, non hai mingua no servizo, se so é para delegar nas pequenas competencias das maiores ou nas rexionais sobre as provinciais. Mantén a moción, sexa cal sexa o resultado, porque aprecia un constante deterioro dos servizos que presta a Administración que obriga a viaxes continuas. Cre que se vai ver enseguida, porque ata o de agora non entrou en vigor, se aumentan os trámites en Lugo e diminúen en Foz.

O Sr. Reymóndez Gancedo insiste en que é unha reestruturación interna, pero non minguan os servizos ao cidadán, xa que un cidadán pode ir a Foz e vaise ver atendido. Considera que son mocións políticas con transfondo político. Pensa que esta moción non é coherente.

A Sra. González Loredó quere matizar e le literalmente o texto do BOE. Considera que Foz, que no 2004 dependía da provincial de Lugo, segue dependendo de Lugo, polo que se trata dunha resolución que, na parte que lle toca á oficina de Foz non cambia nada, e se nalgún momento cambia algo ela retractarase e apoiará a moción. Cre que outra cousa é debater se é procedente que dependa das oficinas provinciais e non das rexionais, como pasou en Zaragoza ou Sevilla, pero no caso das de Foz e Monforte non cambia nada. Reitera a súa intención de votar en contra.

O Sr. Alcalde comenta, en relación coa negación de cousas que despois aparecen publicadas e se fan, por exemplo dende o punto de vista sanitario, trámites patrimoniais ou servizos tributarios. Dubida que a Administración Tributaria de Foz pase a desaparecer, pero pode ir encamiñado a que se converta nun lugar onde expiden impresos e reciben solicitudes. Cre que cada vez se concentran máis os servizos lonxe, e en lugar de achegar a Administración ao cidadán estase apostando polo aforro e degradando o servizo. Informa que están de acordo coa esencia desta moción e polo tanto van apoiala.

Sometida a votación a moción resulta aprobada por sete votos a favor (seis dos concelleiros do grupo municipal do BNG un do concelleiro do PSdG-PSOE no Grupo mixto e) e cinco votos en contra (catro dos concelleiros do grupo municipal do PP e un do concelleiro de UPRI no Grupo Mixto).

2.- MOCIÓN DO BNG, DE URXENCIA, DE DATA 14/05/2013 PARA A CREACIÓN DUNHA ÁREA SANITARIA DE XESTIÓN INTEGRADA DA MARIÑA.

Dase conta da Moción que se transcribe:

“Exposición de motivos:

A creación, primeiro do Hospital da Costa, como resposta as grandes mobilizacións que viviu A Mariña aos finais dos setenta, e a posterior posta en marcha do mapa sanitario de Galiza aprobado inicialmente polo Decreto 126/1984, e modificado posteriormente polo Decreto 55/1989 que deu orixe a creación da Área Sanitaria da Mariña, significou unha mellora substancial da atención sanitaria da comarca malia as múltiples deficiencias tanto en materia de dotacións e servizos que aínda sofre a zona.

A principio do mes de Xullo de 2010, a Conselleira de Sanidade anunciou en Burela a creación dunha área de xestión sanitaria única para a provincia de Lugo, o que suporía a supresión da capacidade de xestión da área norte de saúde, que asiste a 14 concellos da Mariña e a centralización da xestión sanitaria en Lugo. As declaracións da anterior Conselleira de Sanidade, Sra. Pilar Farjas, provocaron unha grande preocupación na Comarca pois ao Hospital da Costa están asignadas aproximadamente 72.000 persoas, distribuídos en 14 Concellos, que pasarían a ter como primeiro hospital de referencia o Hospital de Lugo, a uns 100 Km do Burela e uns noventa minutos de desprazamento en coche. A actual Conselleira de Sanidade, Rocío Mosquera, non dubidou en aprobar o pasado 21 de marzo o Decreto 55/2013 polo que se regula a estrutura organizativa de xestión integrada das áreas de Lugo, Cervo e Monforte de Lemos facendo perder á Mariña a autonomía na xestión sanitaria e incumprindo compromisos adquiridos en campaña electoral polo actual presidente da Xunta, Sr. Feijoo e mesmo a anterior Conselleira de Sanidade, Pilar Farjas, que en sede parlamentar comprometeu para a xerencia sanitaria da Mariña competencias sobre *“todos os recursos humanos, económicos, infraestruturas, prestación de servizos da área sanitaria, do Hospital da Costa e do conxunto dos centros de saúde”*

As mobilizacións sociais lideradas na Mariña pola Plataforma na Defensa da Sanidade Pública da Mariña en 2010 e neste ano 2013 fixeron que moitos colectivos sociais tomaran consciencia do que se perde e agora, unha vez aprobado o decreto de xestión integrada, son tamén os propios facultativos do Hospital da Costa os que lanzan a alarma e non teñen reparos en denunciar publicamente as graves consecuencias que esta medida terá para a sanidade pública da Mariña.

A xuízo do Grupo Municipal Bloque Nacionalista Galego as consecuencias para a sanidade pública atinxirían tanto aos usuarios como aos profesionais sanitarios e a groso modo resúmese nos seguintes aspectos:

a) Unha xerencia ubicada na cidade de Lugo, quer pola distancia física, quer pola distancia da Mariña coa capital da provincia, implicaría unha dificultade para

o acceso á mesma e descoñecemento de moitos problemas e eivas cotiás que xurdisen nos centros da actual área da Costa.

b) Unha xerencia ubicada en Lugo podería pór en cuestión investimentos previstos tanto nos centros de saúde como no propio Hospital da Costa. Neste sentido na Comarca da Mariña observase con preocupación que este novo modelo poña en risco a ampliación do Hospital da Costa, a implantación de novos servizos e especialidades así como a supresión de dotación no centro de saúde.

c) Unha xerencia única coa súa ubicación en Lugo e diante da escaseza de certos profesionais de algunhas especialidades médicas, implicará desprazamentos constantes da poboación actual da área da costa á cidade. Tendo en conta a distancia xa sinalada, a situación das comunicacións, o tempo de viaxe e ausencia dun transporte público axeitado, eses desprazamentos implicarían unha grande perda da calidade de vida para a poboación afectada alén de teren que asumir os gastos de desprazamento e, no seu caso, de hospedaxe os propios usuarios o que supón unha discriminación con respecto a poboación doutras zonas.

d) A supresión da área sanitaria da Costa implicará para os/as profesionais da saúde ter que optar a traballar en toda a provincia. Para o persoal eventual, tendo que inscribirse nas listas de contratación provinciais e tendo que aceptar contratos a máis de cen Km do seu domicilio, baixo a ameaza de penalización. Para o persoal fixo que accedera ao seu posto despois da publicación do Estatuto Marco e en base á mobilidade funcional, tendo enriba a espada de Damocles dun traslado forzoso a calquera lugar da provincia en calquera momento.

Por todos estes motivos, a supresión da área sanitaria da Costa, significa ao ver do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego unha merma na calidade asistencial que se lle presta á poboación da Mariña e non pode consumarse porque sería avanzar no desmantelamento de servizos da Mariña, particularmente nunha cuestión central como é a atención sanitaria.

Polo exposto, dende o BNG pedimos o acordo da corporación municipal nos seguintes termos:

1.- Demandamos unha aposta firme e decidida por esta comarca coa ampliación real do Hospital da Costa en número de camas, implantación da Unidade de Oncoloxía, ampliación de Hemodiálise, pleno funcionamento da Consulta Maior Ambulatoria, unha Resonancia Magnética fixa, a hospitalización a domicilio, a posta en funcionamento dos servizos de tarde, os aumentos do cadro de persoal e por suposto o reforzo e mantemento de tódolos servizos e unidades existentes tanto de Atención Primaria como de Especializada.

2.- Demandamos un xiro de 180 graos nas políticas tendentes á progresiva deterioración da sanidade pública e a súa mercantilización porque a sanidade pública non pode ser un negocio, é un dereito e patrimonio de todos e todas que non queremos perder.

3.- Demandamos unha área de xestión integrada para A Mariña con plena capacidade de xestión en asistencia primaria e especializada e sobre os seus

recursos humanos, económicos, infraestruturas e prestación de servizos da área sanitaria e a derogación do Decreto de Xestión Integrada aprobado polo Consello da Xunta de 21 de marzo de 2013.”

O Sr. Alcalde procede a facer un resumo da moción.

Intervén a continuación o Sr. Gutiérrez Fernández, concelleiro do PSdG-PSOE no Grupo Mixto, que manifesta que vai apoiar esta moción que vai na mesma liña ca de opoñerse ás reformas que veñen sendo recortes e leváronse a cabo moitas iniciativas relativas a esta cuestión na comarca e o PSdG apoiounas todas, pero hai algo fundamental que é o estudo e apoio á reivindicación que asume o sector implicado, a menciña, e como algo moi sentido a sociedade máis activa e dinámica da Mariña.

Quere lembrar que, grazas a estes apoios e iniciativas políticas, conseguiuase que abriera o centro de saúde de Ribadeo, que a Autoridade Sanitaria entregaba ao concello os seus usos se o concello o tiña a ben. Comenta que esas iniciativas políticas conseguiron que se puxera a funcionar. Reitera que vai apoiar esta moción.

Continúa a rolda de intervencións os Sr. Reymóndez Gancedo, concelleiro de UPRI no Grupo Mixto, que se refire a que a súa acta de concelleiro non lle deu ningunha titulación, nin de avogado, nin de enxeñeiro, aínda que algún concelleiro pense que as ten. Dálle a razón ao alcalde en algúns puntos, pero pregunta cales son os criterios obxectivos para dicir que hai unha mingua na calidade asistencial, xa que quere oír eses motivos.

O Alcalde considera que non están nun xuízo onde o Sr. Rrymóndez sexa o fiscal e el mesmo o acusado, senón que como concelleiro ten o dereito a argumentar a favor ou en contra e, se non o sabe, a absterse sobre o contido que se está debatendo.

O Sr. Reymóndez descoñece se hai mingua na calidade asistencia, xa que a atención primaria xa dependía de Lugo. Non se sente preparado para dar unha idea clara e menos con a presión que existe, polo que quere escoitar os argumentos do alcalde para tomar unha decisión.

Continúa intervindo o Sr. Yáñez Dablanca, concelleiro do grupo municipal do PP, que manifesta que considera que as mocións son necesarias porque recollen os sentires dos dereitos e deberes, tanto sexan iniciadas dende colectivos como dende os partidos políticos. Cre que están ben porque eles non están establecendo as leis nin variándoas ou transformándoas, polo que é tomar postura sobre os asuntos que responden a criterios de preocupación por parte da cidadanía. O seu grupo considera necesarias as mocións e intenta racionalizar o que se postula. Todas as mocións tipo son tratadas coa mesma seriedade, por iso na parte expositiva coincide co Sr. Reymóndez cando di que se manifestan unha serie de

preocupacións que están chamando a atención polas circunstancias que toca vivir, no ámbito sanitario ou educativo.

Refírese á parte expositiva e considera que, mirando para atrás, nos 27 anos de historia, ningún grupo acometeu as propostas oficiais protocolarias sobre a variación dos orzamentos, a dotación suplementaria, de feito a única ampliación do hospital na ala de urxencias foi no ano 2001 e a única que polo de agora ten unha resolución no DOGA é a de 6 de marzo do presente ano, cun orzamento de 140.000€ ,que se suman a unha partida específica de plan de dirección que ven aprobada de 50.000€, sumados aos 35 millóns de euros que se manteñen como orzamento para o hospital.

Considera que se intenta manter o que antes se viviu e, nalgúns aspectos, mellora estes servizos, por tanto, se volvemos a vista, en xullo do ano pasado, defendíase que o presidente da Xunta estableceu coa cidadanía garantir todos os servizos de unidade, o actual mapa sanitario coa área sanitaria de A Mariña e reforzar o hospital, todo isto ten que ser un voto de confianza, polo que o grupo do PP está pendente para mantelo. Dados os tempos que corren, os cidadáns de a pé teñen a obriga de chamar a atención sobre aqueles aspectos que preocupen, de feito teñen que dar rendida conta de que a súa posición indubidablemente é para manter, soste e transformar en positivo os recursos que teñen no Hospital da Costa, por tanto, a pesar desta preocupación, sopesan o seu voto de confianza e anuncia que van absterse nesta moción.

O Sr. Alcalde contesta ao Sr. Reymóndez Gancedo dicindo que él non é médico pero o que se pide é de sentido común e se xunta coa experiencia do tempo nestas cuestións, resulta chocante ou rechamante que antes das eleccións autonómicas se asegurara que diante deses rumores de creación dunha área sanitaria única houbera palabras de que iso nunca se ía dar, porque o goberno galego estaba moi comprometido con todo iso. El, como alcalde, acudiu á chamada dos médicos do Hospital da Costa. Lamenta que ningún alcalde do PP de A Mariña se dignara a ir, aínda que algún deles dixo en voz alta que era militante ou simpatizante do PP. Tamén estivo en xuntanzas en Santiago coa conselleira, e aí si que asistiron os alcaldes do PP, e todos se preguntaban cuestións como se os orzamentos serían únicos ou separados, se ía seguir existindo unha ambulancia etc.

Afirma o Sr. Alcalde que dende a Xunta todo eran explicacións, pero él preguntou por qué levaban tempo dicindo que iso non ían cambiar e, sen embargo, cambiaron de opinión e a contestación foi que nesta vida hai que tomar decisións, sen máis explicacións. Considera que é un sector plural, diverso, que politicamente pode decidir, cre que isto vai supoñer a precarización do servizo asistencial e sanitario na comarca de A Mariña, sumado a que a Xunta de Galicia primeiro di unha cousa e, despois, outros representantes din a contraria. Se pensa que se está convertendo un hospital de referencia nun ambulatorio grande onde determinados servizos están absolutamente precarizados e cada vez máis hai desprazamentos a Lugo para atencións que antes non había. Refírese a que derivan ao hospital privado POLUSA, polo que lle preocupa a precarización da sanidade pública cun claro obxectivo político. Cre que se está aproveitando esta situación e, aínda que os

momentos son complicados, habería que facer axustes e non aproveitar isto para destruír un sistema que custou moitísimo aguantar onde todo o mundo ten as mesmas garantías teña diñeiro ou non, pero parece que se está diluíndo a uns pasos esaxerados, xa que nunca pensaría que poderíamos estar nesta situación. Cre que ten unha vocación claramente política. Non cre que Lugo fora o centro de referencia do Hospital da Costa, que sempre foi autónomo. Está convencido, por escoitar á Plataforma Sanidade de A Mariña e aos médicos. Sabe que este tipo de cuestións non mobilizan ou non cambian, pero igual co concello de Ribadeo e a opinión pública medrando a alguén se lle ocorre poñer sentido común nesta degradación da sanidade pública e decide parar e dar marcha atrás a este panorama. Anuncia a súa intención de votar a favor.

O Sr. Reymóndez Gancedo intervén de novo e dí que non lle preocupa que a xestión do hospital se leve dende Lugo, o que lle preocupa é que non haxa mingua da calidade asistencial. Anuncia que vai votar a favor da moción, pero ten as súas dúbidas dalgúns argumentos, aínda que valora a globalidade da moción.

O Sr. Yáñez Dablanca reitera que o PP se vai abster e xustifícao coa intención de confianza nos poderes aos que lles toca establecer esa liña de traballo. Cre certo que, ao longo deste tempo non se quedou aí, xa que con ese compromiso de que non vai haber perda nin se pecharán servizos sanitarios e cos datos a primeiros de maio, de que o 1 ou 2% se deriven a Lugo. Entende que a xestión vai por un lado pero, se nalgún momento hai algún sinal desta perda de servizos ou fuxida de especialidades a Lugo, serán os primeiros ou segundos en retractarse do que agora está dicindo.

O Sr. Alcalde valora que os diálogos se manteñan nun ámbito cordial aínda que despois se discrepe. Di que se están defendendo colectivos moi heteroxéneos, que ideolóxicamente ás veces teñen pouco que ver, pero están defendendo un interese público e unha sanidade pública próxima á cidadanía. Cre que son vergonzosas as listas de espera, e cómo se sigue atendendo en barracóns no Hospital da Costa, xa que non se fixo nada nestes últimos anos. Considera un grave erro que quen goberna non escoite á sociedade, que de maneira cada vez maioritaria está demandando un xiro absoluto.

Rematada a deliberación é sometida a votación a moción resulta aprobada con oito votos a favor (seis dos concelleiros do BNG, un do PSdG-PSOE e outro de UPRI no Grupo Mixto) e catro abstencións (dos concelleiros do grupo municipal do PP).

3.- MOCIÓN DO BNG, DE DATA 14 DE MAIO DE 2013, SOBRE DIFERENTES ACCIÓNS E ACORDOS EN RELACIÓN COS AFECTADOS POLAS PARTICIPACIONS PREFERENTES E SUBORDINADAS.

Por parte do Sr. Alcalde dase conta da Moción do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego que se transcribe:

“Fernando Suárez Barcia, concelleiro portavoz do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego na corporación municipal de Ribadeo, ao abeiro da lexislación vixente.

PROPÓN O Pleno do Concello de Ribadeo adoptar o seguinte

ACORDO:

- Esixir a derogación do RD polo que se lle expropia grande parte dos seus aforros ás persoas afectadas polas preferentes e subordinadas, e dirixirse ao Goberno Central para que adopte as medidas precisas para que as persoas afectadas recuperen os seus aforros de xeito íntegro.
- O Concello de Ribadeo requirirá á entidade Novagalicia Banco para que no prazo dun mes proceda a iniciar a devolución íntegra das cantidades estafadas a aforradores/as do municipio coas preferentes e subordinadas.
- Se no prazo indicado non se producir a devolución ás persoas afectadas, procederase a cancelación das contas municipais en NGB coa única limitación da preservación dos intereses municipais.
- Calquera outra medida que colabore no obxectivo de facer xustiza coas persoas afectadas das preferentes e subordinadas.
- Acórdase dar traslado deste acordo á FEGAMP, á FEMP e ao FROB, e solicitar do resto de institucións (Administración Xeral do Estado e Xunta de Galicia) que adopten o mesmo acordo.”

O Sr. Alcalde explica que o seu grupo presenta esta moción pero informa que o grupo popular tamén ten unha proposta de emenda ou substitución. Entende que cada grupo terá que xustificar a súa proposta. Cre que en Ribadeo hai unha cantidade importante de afectados pola adquisición de participacións preferentes e subordinadas, algúns levan con esta eiva dende fai moito tempo, e outros, nos últimos meses, despois de que o FROB anunciara unha serie de quitas e a través das cartas que os bancos, maioritariamente Novagalicia Banco, mandou aos seus domicilios e fóronse dando conta que o que tiñan non eran depósitos a prazo, senón participacións preferentes ou subordinadas, moitas veces sen sabelo.

Foron vendo a cantidade de reclamacións que se viñan facendo na oficina de consumo de Ribadeo pedindo unha arbitrase.

Dí tamén o Sr. Alcalde que cre que a situación é tan dramática que, co respecto absoluto á intimidade e anonimato das persoas afectadas, hai situacións que provocan desgusto e enfado xa que, ás veces, xente maior e sen formación académica necesaria para este tipo de produtos ou nenos a través de cartillas infantís foron vítimas desta situación. Non queren culpar aos traballadores de bancos que ofreceron este produto, xa que as direccións e as circunstancias políticas son as responsables. Comenta que fai un mes sobre toda esta información,

omitindo os datos persoais, comunicouse a situación que se daba en Ribadeo á Fiscalía de Galicia, onde nun sumatorio de 10 millóns de euros, en función das reclamacións que se presentaron na oficina de Consumo e que na media aritmética, correspondían a depósitos de 10.000€, 30.000€ ou 50.000€, máis ben pequenos, de inversor aforrador, non especulador. Transmitiron esta información o 17 de abril, pero non saben o percorrido que pode ter isto.

Continúa o Sr. Alcalde indicando que en xaneiro, o pleno da corporación, aprobou unha moción que era unha transposición da que formularan na plataforma de afectados de A Mariña que pedía que se axeitara a arbitrase, dado que antes das eleccións autonómicas, estaba indo bastante acelerada, pero despois quedou paralizada, onde se pedía unha repulsa pola actitude do FROB, de facer unha serie de quitas de diferente porcentaxe, pero despois de todo iso, un Real Decreto Estatal veu legalizar o espolio. Queren, dende o concello de Ribadeo, seguir dando pasos concretos para que outras administracións sigan os seus pasos. Pasa a ler literalmente os puntos que se esixen na moción.

A continuación, a Sra. López- Braña Freije, concelleira do grupo municipal do PP, propón explicar a emenda do seu grupo, porque de non aceptarse por parte de Alcaldía, xa non se vota, e que é a seguinte:

“ACORDO DA CORPORACION MUNICIPAL DE RIBADEO DE ESIXINDO A DEVOLUCIÓN DOS SEUS AFORROS A TODAS AS PERSOAS ESTAFADAS POR NOVA GALICIA BANCO (NGB)

Decenas de miles de familias galegas teñen os seus aforros atrapados en participacións preferentes e obrigas subordinadas de Novagalicia Banco (NGB), que non conseguen recuperar neste momento e que, de non lograr mudar a situación, van ser expropiadas en breve polo FROB e sufrir unha importantísima quita no capital que teñen depositado en NGB e un troco por accións do capital restante que os pode conducir a perder todos os seus aforros.

Este fraude é tan amplo e tan grave que se estende a todos os concellos de Galicia e apenas hai familias que non teñan alguén estafado. Moitas destas persoas enganadas son veciñas do Concello que representamos. Levan máis dun ano esixindo a diario na rúa e nas institucións que lles devolvan os seus aforros, en moitos casos froito dun esforzo de toda a vida, que primeiro lles quitaron as Caixas con mentiras e enganos e que agora lle los quere expropiar o FROB con quitas e trocos por accións que son papel mollado de momento.

Recoñecendo que os primeiros responsables da situación foron os xestores ao cargo das Caixas e a falta de supervisión e intervención por parte do Banco de España e a CNMV, o alcance de isto que acabou sendo unha estafa fai precisa dunha intervención política, xusta e inmediata, que poña fin a este grave problema e ao calvario que están padecendo as persoas que foron enganadas e estafadas.

Como representantes públicos de moitas dos veciños afectados deste Concello, queremos tomar partido, colocándonos claramente do lado das vítimas e esixindo dos representantes do Goberno do Estado e da Xunta de Galiza para que asuman

tamén este compromiso con claridade e urxencia e garantan que se vai facer xustiza cos miles de persoas que aínda non recuperaron os seus aforros.

Por todo isto facemos público o sentir da Corporación Municipal de Ribadeo expresado nos puntos seguintes:

1º.- Manifestamos o total apoio da Corporación Municipal de Ribadeo ás miles de persoas estafadas por participacións preferentes e obrigas subordinadas de NGB, moitas delas veciñas deste Concello, para que poidan recuperar inmediatamente a totalidade dos seus aforros.

2º.- Rexeitamos totalmente a decisión anunciada polo FROB, actual dono do 100% de NGB, de impoñer unha quita e un canxe por accións ao capital colocado por NGB en participacións preferentes e obrigas subordinadas a clientes minoritarios e persoas aforradoras.

3.- Esiximos que o Goberno do Estado, responsable do FROB, adopte as medidas políticas, lexislativas e económicas necesarias para devolver integramente os seus aforros a todas as persoas estafadas por NGB.

4.- Requirimos ao Goberno do Estado para que, en colaboración coa Xunta de Galicia e a Dirección de NGB, garanta a continuidade e ampliación do actual sistema de arbitraje para facilitar que os 64.000 casos de persoas aforradoras pendentes aínda de recuperar os seus aforros, o poidan facer a través desta arbitraje, como xa aconteceu cos 14.000 casos resoltos similares.

5.- Solicitar do Alcalde Presidente do Concello de Ribadeo que no seu en nome e no da Corporación Municipal que preside, dea traslado dos puntos arriba asumidos ao Presidente do Goberno do Estado, ao Presidente da Xunta de Galicia e ao Ministro de Economía, esixíndolles, ademais, unha postura clara, definitiva e favorable a devolver integramente os seus aforros a todas as persoas vítimas desta masiva estafa de NGB. “

A Sra.Concelleira indica que é a terceira ocasión na que no pleno se fala das preferentes, e quere empezar por dar o seu apoio a todas as familias de Ribadeo que están sendo vítimas dunha estafa que non se pode esquecer, onde os primeiros responsables foron os xestores das entidades bancarias, do Banco de España e da Comisión Nacional do Banco de Valores, pero, ante a magnitude desta estafa, entenden necesaria a adopción dunha intervención política xusta e inmediata. Recorda que apoiaron unha moción presentada pola corporación, que viña avalada pola Plataforma de Afectados, naquel entón aledábanse que este tema estivera despolitizado, independentemente de que puidera haber puntos nos que puideran estar máis ou menos de acordo e renunciaban a criterios ideolóxicos e de partido, porque consideraron que os veciños merecían o seu apoio.

Manifesta que entenden que o tema non deixa de ser a utilización por parte do BNG dun drama e problema grave, polo que rexeitan esa utilización. Compara as dúas propostas e di que o BNG esixe a devolución íntegra dos capitais das persoas afectadas, mentres que no acordo do PP din que a corporación de Ribadeo manifesta o seu apoio aos miles de persoas afectadas por estes activos, rexeitan a decisión adoptada polo FROB de impoñer unha quita e troco de accións ao capital.

Tamén esixen ao goberno que adopte as medidas necesarias para devolver integramente os seus aforros a todas as persoas estafadas por Novagalicia Banco. Finalmente, piden ao goberno do Estado que, en colaboración coa Xunta de Galicia, garanta a continuidade do actual sistema de arbitraje para facilitar que os 64.000 casos de persoas aforradoras pendentes de recuperar os seus aforros poidan facelo, como xa sucedeu cos 14.000 casos resoltos.

Refírese igualmente a que a moción do BNG propón a derogación do Real Decreto, que xa se solicitou no pleno do día 29 e xa se aprobou, polo que incluído agora é repetir o mesmo. Por outra parte, comenta que o BNG solicita que se lle dea o visto e praxe para que o concello poda pechar as contas que o concello ten en Novagalicia Banco.

A Sra. López-Freiije considera que a responsabilidade é súa e que pode pechalas xa, e se cre que vai axudar aos afectados xa o tiña que ter feito. Cre que non deixa de ser máis que unha frase sen contido porque non vai levalo a cabo, xa que hai uns intereses municipais comprometidos cunha entidade bancaria que lle impiden levar a cabo esa cancelación das contas bancarias. Espera e desexa que o concello de Ribadeo xa teña feito todo o que poida para axudar a esas persoas, e que non haxa algunha medida que non tomara, e se a hai pídelle que a formule, xa que todas as medidas que se poidan tomar ten a obriga de tomalas, sen vendelo na prensa ou facer disto un circo. Informa que o PP esixe ao Alcalde en todo momento que governe e xestione pensando no interese xeral dos veciños e, neste caso, das persoas afectadas por este drama social, pero iso non é facer política a conta do sentimento dos veciños.

Di que, dende o primeiro momento, asumiron denunciar ás entidades bancarias que, aproveitándose da confianza de moita xente para obter unha rendibilidade económica, considera isto rexeitable, pero considera que tamén é rexeitable que, para obter unha rendibilidade política, dende o BNG se estea a abusar da confianza e da boa fe da xente, xa que se pode pechar as contas en Novagalicia ten que facelo xa, se cre que así vai axudar ás persoas afectadas, pero non se pode converter nunha probabilidade. Está de acordo co Sr. Reymóndez en que é difícil falar con tanta presión, xa que asumir unha posición coherente é difícil.

Dí que non quere facer partidismo e van facer o que poidan para o beneficio das persoas afectadas, polo que retiran a súa proposta de acordo e queda só a sometemento a moción do BNG.

O Sr. Alcalde non entende a situación, xa que o PP presenta unha proposta que despois retira e vez de defendela.

A Sra. López-Braña entende que non hai ningún problema en presentar unha emenda e despois retirala.

O Sr. Alcalde pide respecto ao público, xa que, aínda que haxa discrepancias políticas, hai boas relacións e non quere que se rompan. Quere dicir que para sacarlle ferro a esta cuestión a motivación está na moción, sen poñer de quen foi a culpa e sen remontarse a anos pasados, ou que nas eleccións autonómicas se dixo que se gañaban ían cobrar ao día seguinte, pero a día de hoxe aínda hai xente á que non chamaron para o arbitraje, polo tanto puxeron encima da mesa cinco puntos e claro que teñen dereito a cancelar as contas cando queiran e é certo que se teñen algún crédito pendente non o poderán cancelar, pero tamén é certo que se poden traer unha subvención para meter en Novagalicia Banco ou domiciliar algún recibo non o van facer e parécelle unha mágoa que desapareceran as Caixas e que agora estean nas mans do Estado, pero o que é intolerable é que vaian con argumentos que estaban moi ben en xaneiro, pero a estas alturas xa hai un RD do goberno que legaliza ese espolio, polo que hai q rexeitalo. Non comparten ningún comportamento violento pero nesta vida, se non hai presión política non se consegue nada, polo que considera que o que teñen que facer é apoiar esta moción sen fisuras, xa que non hai partido que vaia.

O Sr. Gutiérrez Fernández, concelleiro do PSdG-PSOE no Grupo Mixto, comenta que xa discutiu o escrito da Plataforma fai uns meses e agora volve traerse porque hai variacións e, a medida que pasa o tempo, o drama incrementase. Aínda que o coñecemento inicial afectaba a pouca xente, co coñecemento actual decátase todo o mundo, afectados ou non afectados, incluso fai que se poidan dicir palabras fortes. Lembra de cativo que lle chamou a atención unha frase “O que rouba no mar é un bucaneiro, o que rouba na terra é un ladrón”, cre que isto é o que resume o produto que puxeron en circulación, porque é un roubo.

Anuncia que vai apoiar a proposta, pero á marxe disto, referente á conta en Novagalicia Banco, cre que suprimir a exclusividade recadatoria que tivo ata o de agora ou a parte das transaccións municipais non estaría mal. Xa sabe que depende dun acordo coa Deputación que cre que estaría disposta a facer algunha modificación dese tipo. Tamén considera que se deberían cobrar as taxas e impostos municipais por portelo municipal, porque haberá moita xente que non quere saber nada de ningún banco. Cre que moralmente hai que abrir as opcións, para que a xente non teña que ir a ningún banco.

Continúa falando o Sr. Reymóndez Gancedo, concelleiro de UPRI no Grupo Mixto, que manifesta que vai seguir mantendo a idea de rexeitar este roubo e quere relaxar a todos os presentes, xa que sempre estiveron de acordo. Está de acordo con todo o que propoñen PP e BNG porque isto é un roubo e non se pode andar con panos quentes dicindo que hai traballadores que non teñen culpa, el considera que si que a teñen, xa que un profesional da banca ten que saber que está ofrecendo activos financeiros non retornables, e agora están gozando dunha xubilación moi xugosa a cambio de roubar á xente. Pide ao concello que actúe como acusación particular, á parte desa comunicación á Fiscalía.

A Sra. López-Braña Freije comenta que cando retirou a emenda foi para facilitar o debate e a cordialidade, porque parte de que todos están de acordo en que foi unha estafa e un fraude. Quere deixar claro que considera que a proposta de Alcaldía debería cingirse ao primeiro apartado, debendo sacar os tres apartados que non cre que sexan de acordo plenario. Reitera que se pode facer unha protesta contra o PP, pero quere aclarar que os catro concelleiros do PP dixeron que están convencidos de que o seu sitio é cos afectados, sexan do partido que sexan, xa que a solución é para todos. Anuncia que van votar a favor da proposta.

O Sr. Alcalde non pretende favorecer o linchamento de ninguén, pero cre que quen pode cambiar estas cousas é o PP, que está gobernando. Insiste en que se non hai mobilización social, dentro de catro días, a esta xente váiselle aplicar a quita, polo que os demais concellos de A Mariña deberían tomar este tipo de posicionamentos.

A Corporación, por unanimidade dos seus membros presentes, en votación ordinaria, acorda prestar aprobación a esta moción.

ASUNTOS DECLARADOS DE URXENCIA.-

1.- PROPOSTA DA ALCALDIA EN RELACIÓN CON PROXECTO PARA “MITIGACIÓN DE LOS EFECTOS ANTROPOGÉNICOS NEGATIVOS SOBRE EL ESPACIO NATURAL DE LA ZEPA RÍA DE RIBADEO”,

Dase conta pola Alcaldía-Presidencia da súa proposta en relación co proxecto epigrafiado:

“Visto o proxecto técnico denominado “Mitigación de los efectos antropogénicos negativos sobre el espacio natural de la ZEPA Ría de Ribadeo”, de data 23 de decembro de 2011 redatado por don Xesús Pablo González Vázquez, Dr.Enxeñeiro Agrónomo, para a Consellería de Medio Rural, cun orzamento de contrata de 85.155,60 € aínda que redatado nese momento co 18 % de IVE ao que, en todo caso e a esta data se debe engadir un 3% mais por este imposto.

Visto-los informes da Oficina técnica municipal e da Intervención obrantes no expediente así como a cesión de parcela efectuada por parte dos seus propietarios respecto dunha parcela sita en Reme para ubicación dunha das dúas mini-depuradoras previstas no proxecto indicado.

Visto o requerimento da Consellería de Medio Rural, de data 21 /05/2013 en relación co disposto no artigo 2 do Decreto 246/1992, do 30 de xullo, polo que se regulan determinadas condicións da execución de obras públicas en réxime de cooperación coas corporacións locais ou outros entes de dereito público. (DOG 158 e 159, 14/08/1992 e 17/08/1992), relativo aos compromisos que deben asumirse con carácter previo á

formalización do convenio que resulte de calquera acordo de cooperación dos previstos na presente norma, e requiríndose acordo do órgano competente,

Esta Alcaldía, PROPÓN AO PLENO MUNICIPAL que previa declaración de urxencia se adopten os seguintes acordos:

- a) Compromiso de posta a disposición, libres de cargas e gravames, de tódolos terreos necesarios, con usos urbanísticos, para a normal execución das obras, así como os correspondentes permisos e autorizacións necesarias para levar a cabo a mesma.
- b) A renuncia expresa a reter da achega da corporación calquera tipo de tributo con motivo das obras.
- c) A obriga de asumir, unha vez recepcionadas provisionalmente as obras e previa comunicación do órgano da Comunidade Autónoma, a explotación, mantemento e conservación das mesmas.”

O Sr. Alcalde explica que a última hora da mañá chegou un fax da Consellería de Medio Ambiente pedindo que adoptaran un acordo, que os técnicos estimaron que tiña que ser aprobado polo pleno e non por Alcaldía, para levar adiante o saneamento en varias parroquias e na ría de Ribadeo.

Trátase dunha depuradora en Reme de Arriba, a través dun convenio asinado entre o Ministerio de Medio Ambiente e a Xunta de Galicia, dentro dun convenio da Reserva da Biosfera, que está parado dende fai dous anos por diversas circunstancias e a preocupación é que hai que ter ese tema xustificando. Procede a ler literalmente o acordo que cómpre aprobar polo pleno do concello.

Explica que o que se persigue é construír unha depuradora en Porto, en terreos de titularidade do Estado, que conta co informe do técnico municipal e do Servizo de Estradas de Lugo.

O Sr. Alcalde comenta que é preciso votar a urxencia desta proposta da Alcaldía, así como dunha moción do grupo do PP e dunha declaración institucional.

O Sr. Valín Valdés, concelleiro do grupo municipal do PP, aproba este asunto e considera que é unha proba máis de que a pesar de todo, hai unha aposta seria da Xunta de Galicia e do Goberno central por Ribadeo. Remítese ao programa electoral do seu grupo, xa que unha das grandes preocupacións era dotar de saneamento e melloras medioambientais ás parroquias.

A Corporación, por unanimidade dos seus membros presentes, en votación ordinaria, acorda:

1º. Declarar a urxencia do presente asunto.

2º. Prestar aprobación á proposta da Alcaldía transcrita anteriormente nos termos da mesma.

2.-MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR SOBRE REPARACIÓN DA RUA SAN LÁZARO-ESTRADA DE VILELA.-

Dase conta da Moción que presenta o Grupo Municipal Popular que se transcribe de seguido:

MOCION

“A estrada de titularidade provincial LU P 5207 que une o núcleo urbán de Ribadeo coa parroquia de Vilela tense convertido nos últimos tempos ao seu paso entre a ponte da vía do tren e a rúa San Lázaro nun eixo básico de comunicación da rede de estradas municipal, servendo de vía de circunvalación aos vehículos que entran no Concello pola Nacional 634 en dirección a Crt. LU 140 sentido Vegadeo, evitando deste xeito cruzar polo centro urbán.

Ao aumento da densidad do tráfico neste tramo de vía débese engadir o crecente numero de transeúntes que transitan pola zona, especialmente os usuarios das instalacións da piscina municipal, os do campo de fútbol, os nenos e nenas dos colexios próximos (Gregorio Sanz, ÍES Porta da Auga...) e os pelegríns que diariamente saen da vila e sen esquecer aos vecinos residentes no barrio, todo o cal converte a ésta e as rúas próximas nun dos barrios da nosa Vila especialmente concurrido de peons e vehículos, e presentando unha forte demanda de prazas de aparcamento para vehículos, que leva a que os usuarios ante a escasez de prazas existentes aparquen en dobre fila, invadan zonas privadas, obstaculicen as saídas dos garaxes...

Estas circunstancias xunto co feito do deplorable estado da vía, carente de beirarrúas, chea de socavons e pozas... fai que a seguridade dos vehículos e dos peóns, e especialmente dos nenos e nenas que a diario a transitan en dirección aos colexios, se converta nun grave risco.

Durante os últimos tempos foron distintas as ocasións ñas que por esta Corporación se solicitou do Concello que se xestionara o arranxo desta vía ante a Diputación Provincial como responsable da súa titularidade, pero o certo e que, pasa o tempo e pola entidade provincial non se lie da solución o problema sendo un feito incontestable a pasividade deste organismo na asunción da súa responsabilidade na conservación e mantemento desta rúa.

Sendo este vial esencial na vertebración da rede viaria municipal, e estando próximo o comenzo do verán, co que o tránsito de peóns verase sustancialmente diminuído co gallo das vacacións escolares, o Grupo Municipal do PP solicita do resto dos membros da Corporación a adopción do seguinte

ACORDO

O Concello de Ribadeo en Pleno acorda dirixirse a Deputación Provincial de Lugo, como titular da competencia sobre a estrada LU 5207, e solicitar deste organismo:

1º.- O arranxo urxente da estrada LU 5207 no tramo entre a rúa San Lázaro e a ponte da vía do tren, dotandoa de beirarúas, iluminación naqueles puntos nos que falte, saneamentos, regulación do tráfico..., ao fin de que as obras estén rematadas cara ao comenzo do vindeiro curso escolar.

2.- Subsidiariamente, e para o caso de que así se estime oportuno, solicítase o traspaso da competencia ao Concello de Ribadeo sobre este tramo da vía LU 5207, traspaso que queira acompañado da necesaria dotación presupuestaria para levar a cabo as obras de mellora da estrada, construción de beirarúas, sinalizacións, saneamentos....

Iníciase deliberación intervindo a Sra. López-Braña Freije, concelleira do grupo municipal do PP, informa que esta é a moción que ía presentar no seu día e refírese á situación do tramo que vai dende a rúa San Lázaro ata a ponte da vía do tren. Píden que, cara á tempada de verán e suspensión das clases nos colexios, e o incremento de tráfico nesta zona que se utiliza como circunvalación, cada vez é máis difícil transitar por esa zona, polo que presentan esta proposta requirindo o apoio do pleno. A continuación, a Sra. López-Braña procede a ler literalmente o contido da moción.

Procédese a votar a urxencia da moción, que resulta aprobada por unanimidade de todos os membros da Corporación.

O Sr. Alcalde informa que fai dous meses o grupo popular trouxo a pleno unha proposta similar e el mesmo pediu unha marxe, porque xa levaban un tempo solicitando á Deputación Provincial a reparación deste vial. Despois de advertírllelo de maneira verbal e escrita, a día de hoxe reconece que non está amañada. Gustaríalle engadir a rúa dende A Lodeira ata o encontro coa autovía, que tamén presenta danos. Quere dicir que intentaron facer todas as accións posibles e que a Deputación se está portando ben con outras cousas, pero neste caso estano facendo mal, polo que hai que tomar unha determinación.

Comeza a quenda de intervencións o Sr. Gutiérrez Fernández, concelleiro do PSdG-PSOE no Grupo Mixto, que cre que habería que falar de transferir as dúas estradas, o que supón un maior custe, pero pódese facer, e que as asfalten.

O Sr. Alcalde entende que as circunstancias económicas non son como cando foi da travesía.

O Sr. Gutiérrez está de acordo en pedir a transferencia amañada en debida forma, e excluída a ponte de FEVE para outra fase, porque implica a máis organismos.

O Sr. Reymóndez Gancedo, concelleiro de UPRI no Grupo Mixto, pretende que se constrúa unha pasarela metálica pola vía do tren.

Hai unha breve interrupción pola intervención dunha das persoas do público asistente ao pleno. Comenta que se marchan xa que parece ser que alguén interpreta que acudir público aos plenos é presionar, pero pensa que neste caso houbo un comportamento cívico en todo momento.

O Sr. Alcade conclúe informando que se inclúe nesta moción a reparación do vial número 5202, dende a Avda. Rosalía de Castro ata o encontro co camiño de servizo da autovía.

A Corporación, por unanimidade dos seus membros presentes, en votación ordinaria, acorda:

1º. Declarar a urxencia do presente asunto.

2º. Prestar aprobación á proposta da Alcaldía transcrita anteriormente nos termos da mesma.

3.DECLARACIÓN INSTITUCIONAL SOBRE AS PINTADAS NA LANCHA “JUANIN” SITA NA ROTONDA DO XARDÍN.-

Pola Alcaldía dase lectura á declaración institucional en relación coas recentes pintadas da lancha “Juanín” sita na rotonda do Xardín:

“Diante a vergoñenta pintada feita sobre a lancha “*Juanín*” na rotonda do Xardín, con expresións ignominiosas, o Pleno da Corporación municipal de Ribadeo quere manifestar o seguinte:

- Sentimos moito orgullo por sermos ribadenses e galegos, e sabemos levar mundo adiante os nosos sinais de identidade con vocación integradora.
- Sempre fomos unha vila e un concello coas portas abertas a todo o mundo. É unha constante na nosa historia, así o mostran as actas municipais ao longo de séculos, ver como xentes de toda a contorna decidían establecerse en Ribadeo. Sempre os consideramos un máis, ribadenses e galegos de adopción, sen necesidade de renunciaren ás súas orixes.
- Alegrounos moito que un selo leve polo mundo adiante un elemento xeográfico e outro arquitectónico que se identifican claramente coa nosa comunidade e coas comarcas mariñan e eo-naviega. Vir a Ribadeo, a Veiga ou Catropol, e percorrer a ría e visitar calquera dos Concellos que a rodean, leva aparellada dita imaxe da Ponte dos Santos.
- A tradición sempre usou o topónimo “*ría de Ribadeo*”, non é un antollo do Concello ribadense. Ademais, o organismo oficial correspondente deixou absolutamente claro diante da controversia orixinada nestes últimos anos corroborando o uso oficial, lexítimo e legal de dita denominación.
- Por último, non imos ceder a provocacións, senón todo o contrario: seguiremos a desenvolver novos proxectos e actividades que dinamicen a nosa vida económica, social e cultural, respectando coma sempre, aos nosos veciños e irmáns da outra banda da Ría de Ribadeo.”

Sen promoverse deliberación, a Corporación en votación ordinaria, por unanimidade dos membros presentes, doce, dos trece que de dereito compoñen a mesma, acórdase:

1º. Declarar a urxencia do asunto.

2º. Prestar aprobación á referida declaración nos termos da mesma.

ROGOS E PREGUNTAS.-

ROGOS E PREGUNTAS DO PSG-PSOE

O Sr. Gutiérrez Fernández, concelleiro do PSdG-PSOE no Grupo Mixto, refírese á rúa Ernestina Mansilla que está pouco limpa. Pide que se prepare e roce.

Tamén se refiere á fonte de Guimarán, de propiedade municipal, considera que está deteriorándose xa que están caendo as pedras do muro, polo que pide que se bote un pouco de man á obra, non á fonte.

ROGOS E PREGUNTAS DE UNION DO POBO DE RIBADEO (UPRI.-

O Sr. Reymóndez Gancedo, concelleiro de UPRI no Grupo Mixto, refírese a unha tarima de color verde que hai na rúa Luz Pozo Garza e que ocupa espazo público na horta de Sela. Comenta tamén, pensando nas persoas minusválidas e sen saber se o concello pode economicamente, que de cara ao verán, pola tipoloxía das praias que hai no concello, a este colectivo resúltalle difícil chegar ao mar. Dende o departamento de Turismo pide que se derivara a esta xente a unha praia cuns servizos como cadeiras con rodas que flotan como pasa noutros concellos como no de Barreiros, que facilitan os accesos. Pensa que non é moi caro e sería importante mirar un pouco por ese colectivo.

O Sr. Alcalde manifesta que, dende o concello, están moi sensibilizados co tema da discapacidade e accesibilidade e deron mostra de facer cousas nos últimos anos a prol disto, eliminando barreiras arquitectónicas etc. Opina que, se o custo deste servizo é asumible, pódese levar a cabo e, se o custe é elevado, habería que ter en conta as subvencións que saen para este tipo de cousas. Comprométese a estudalo e, se hai capacidade económica para facelo, facelo, pero descoñece se custa 300€ ou 9.000€.

A Sra. Martínez Fernández, concelleira delegada de Turismo, explica que hai de moitos tipo e de moitos prezos, xa que son materiais especiais.

O Sr. Reymóndez Gancedo comenta que foi un colectivo o que se puxo en contacto con él para propoñerlle a idea. Fai un comentario, tamén, relativo a un espello torcido e pide que se arranxen os bambáns da zona do Cargadoiro.

Reffrese tamén, o Concelleiro no uso da palabra, ás fochas existente na Avenida de Calvo Sotelo y Bustelo.

O Sr. Castro Reigosa, concelleiro delegado de Obras, admite que a culpa foi del, pero carga gustosamente con ela, xa que considera un acerto non facelo antes, porque xa estaría estragada nestes momentos, por mór da choiva dos últimos días.

O Sr. Reymóndez continúa coa estrada do Cargadoiro e pide que se arranxe.

ROGOS E PREGUNTAS DO GRUPO MUNICIPAL DO PP.

A Sra. López-Braña Freije, concelleira do grupo municipal do PP, reffrese á estrada N-634, ao tramo cedido por Fomento ao concello. Pide que se sinalice onde comeza o centro urbano e limitar a velocidade. Tamén indica que os dous pasos de peóns deberían sinalizarse con luces, porque se non pola noite non se ven. Solicita que se arranxe a escaleira que sube dende o porto deportivo á capela de San Miguel.

O Sr. Castro Reigosa, concelleiro delegado de Obras, aclara que esa escaleira pertence a Costas do Estado.

A Sra. López-Braña pide que se dirixan a Costas ou que o arranxe o concello e lle pida contas a Costas, xa que un tramo da varanda está roto. Comenta que hai unha papeleira nesa zona que debe levar un mes sen limpar e está feito unha porcallada .

O Sr. Alcalde intervén e refire que o que fixo Costas na praia dos Bloques, e polo que están moi agradecidos, é mellorar a discapacidade, xa que pediron unhas varandas de aceiro inoxidable para o verán e fixéronlles caso.

A Sra. López Braña Freije intervén novamente para manifestar que considera que o centro de Ribadeo estase a converter nun espazo publicitario aberto, xa que todo o mundo pon carteis por todas partes. Di que se permiten catro, despois vai haber oito, como tamén ocorre con carteis pegados nas columnas das casas. Quere que se pida ao servizo de limpeza que os retire. Parécelle normal que o poñan diante da súa fachada, pero non no centro de Ribadeo.

O Sr. Alcalde dí que o sabe pero cre que é moi complicado.

A Sra. López-Braña reffrese tamén á vía de servizo paralela á autovía, entre a primeira rotonda que vai aos Galos e a segunda. Comenta que hai un espazo aí onde frecuentemente hai camións aparcados, autobuses etc. e denuncia que se están chegando a facer cambios de aceite nese lugar.

Refírese de seguido, e así o quere denunciar, a que na aplicación que se creou con motivo do programa “Ribadeo de Tapeo” dáse apoio a determinadas empresas privadas dende o concello, en concreto, o día 9 de maio de 2013, a presentación da tapa “e-Amodiño”; o día 11 de maio de 2013 ,presentación da primeira metade do novo menú de Amodiño; o día 14 de maio de 2013, presentación da segunda metade do novo menú de Amodiño; presentación de “docu-forum” de Amodiño etc.

A Sra. Martínez Fernández, concelleira delegada de Desenvolvemento Local, explica que todo o mundo tivo a oportunidade de presentar as actividades que quixera para o programa “Ribadeo de Tapeo” e publicáronse todas na aplicación, e se non hai máis é porque ninguén presentou ningunha máis.

A Sra. López-Braña pregunta se podían presentar actividades só os bares que participaban ou todos os de Ribadeo.

A Sra. Martínez Fernández responde que só os bares que se presentaban ao evento “Ribadeo de Tapeo”.

A Sra. López-Braña Freije manifesta que había outros locais que querían participar nesa programación, pero non tiveron noticia de que podían facelo.

A Sra. Martínez Fernández aclara que tiñan unhas bases que probablemente leron, como leron os de Amodiño.

A Sra. López-Braña Freije denuncia que non se recibían esas bases se non pertencían ao sector da hostalaría. Quere deixar constancia disto.

A Sra. Álvarez Lastra, concelleira delegada de Cultura, quere facer unha distinción entre a programación cultural e o evento “Ribadeo de Tapeo”.

O Sr. Alcalde puntualiza que na aplicación tamén aparece o restaurante “La Solana”, coa noite celta que celebrou o día 25.

A Sra. Martínez Fernández lembra que se lle dixo de palabra a todo o mundo que foi recoller as bases.

O Sr. Alcalde indica que tamén estaba informado que o grupo Alesancia ía tocar un día na Taberna de Lola, en Remourelle. Admite que a aplicación, ao ser a primeira vez, tivo algún erro.

A Sra. Martínez Fernández explica que despois introduciuse tamén a actividade cultural, pero dentro do que son os participantes no Tapeo, todo o mundo tivo as mesmas oportunidades.

A Sra. López-Braña Freje pregunta se se sabe algo das vidreiras do cemiterio.

O Sr. Alcalde contesta que ten unha serie de temas para contestar cando rematen os rogos e preguntas. Comenta que as vidreiras foron destruídas pola mala utilización práctica dos alumnos dun obradoiro de emprego, responsabilidade da Asociación “Ponte dos Santos”, da que participa Ribadeo, Castropol e outras entidades sen ánimo de lucro. Explica que, nun primeiro momento, a asociación transferiullo á compañía aseguradora, que, despois de estudar o caso, dixo que non lle competía.

Informa tamén o Sr. Alcalde que, ao final, houbo que ir a un contencioso e que tivo sentenza o día 29 de abril de 2013, que estima parcialmente a demanda interposta pola Asociación Ponte dos Santos contra AXA Seguros e condena á entidade a abonar a cantidade de 17.164 €, que era o orzamento co que se contaba naquel momento, máis os intereses legais desa cantidade, que serán dun 50% e as costas, por tanto serían aproximadamente uns 21.000€. Cre que non é definitivo pero que tampouco presentou máis problemas. Indica que, agora, a Asociación ten que iniciar a contratación para a restauración destas vidreiras.

A Sra. López-Braña Freije dí que supón que se intentarán restaurar o máis parecidas posible ás que había. Pregunta se sabe onde se van contratar ou o prezo.

O Sr. Alcalde responde que non se sabe aínda, entende que é a Asociación Ponte dos Santos a que ten que decidir.

O Sr. Cupeiro Rodríguez, concelleiro delegado de Cemiterios, comenta que hai mesas sectoriais que participan das iniciativas, non só os concellos.

O Sr. Alcalde manifesta que considera que teñen que intentar buscar o maior parecido.

A Sra. González Loredó, concelleira do grupo municipal do PP, quere saber se a estrada da rúa Ramón González está correcta, porque deixaron paso para os peóns na beirarrúa, pero está cortado e non se pode pasar.

O Concelleiro Sr. Yañez Dablanca fai un rogo relativo a que na Praia de Os Bloques, única da vila, se instale unha zona de acceso para minusválidos ou de non poder facelo así snalicen ou indique unha rota de acceso para cidadáns con deficiencias de mobilidade. De paso quere lembrar que segue no caixon unha Moción de accesibilidade que o Grupo Municipal presentou fai agora dous anos.

Do mesmo xeito roga e dí que é un recordatorio da proposta de facer un paso para peóns entre o Hospital Asilo e Escola de música en substitución do que hai un pouco mais arriba.

O Concelleiro Sr. Valin Valdés, do Grupo do PP refírese a diversos decretos que estivo vendo e pregunta canta inversión se leva feito na Torre dos Moreno se se lle pode dicir unha cantidade. Resposta o Sr.Alcalde e mais o Concelleiro Sr. Castro Reigosa que sobre 75.000 euros.

O Sr.Valín Valdés pregunta tamén se como co-propietario que é o Concello se preocupou das vidrieiras do edificio da Torre dos Moreno que se levaron, supón que para arranxar. O Sr.Alcalde resposta que sí e que se lle pediu documentación á empresa, precisamente para remitir á Comision de Patrimonio e que a retirada foi por motivos de seguridade.

Refírese o mesmo concelleiro aos bono da piscina municipal rogando que se estudie este tema e suxerindo sobre todo pola importancia dos mesmos os bonos para mediodía.

O Sr. Alcalde aclara como se realizou este tema aceptando o rogo e indicando que o mirará.

Tamén pregunta o Sr.Valín Valdés sobre os espazos publicitarios existentes no interior da piscina, a quén lle corresponden se ao Concello ou á propia empresa, respostando o Sr.Alcalde que se somete ao que digan os técnicos.

E sen mais asuntos que tratar, non sendo outro o obxecto da sesión, o Sr.Alcalde-Presidente levánta a mesma sendo as vintedúas horas e cincuenta e cinco minutos, estendéndose a presente acta, do que eu Secretario dou fe.

O ALCALDE,

O SECRETARIO XERAL,